

CURSO 2025/26

BACHARELATO SEMIPRESENCIAL REQUISITOS DE ACCESO

1.- REQUISITOS DE IDADE.

Ser maior de 18 anos ou cumprilos até o 31 de decembro de 2025.

Poderán matricularse alumnos **maiores de 16 anos**, ou que os faga no ano 2025, nos seguintes casos:

- Cando xustificaren documentalmente ter un contrato laboral en vigor ou ser deportistas de alto nivel.
- No caso de realizaren simultaneamente ensinanzas profesionais de música ou de danza, ensinanzas profesionais de grao medio de artes plásticas e deseño ou ciclos formativos de grao medio. Este alumnado poderá ser autorizado excepcionalmente pola persoa responsable da xefatura territorial da Consellaría de Cultura, Educación, Universidade e Formación Profesional, previo informe da inspección educativa, para matriculación no bacharelato semipresencial.

2.1. REQUISITOS ACADÉMICOS.

2.2. Para acceder a 1º Bacharelato.

- Posuír o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- Estar en posesión do título de técnico correspondente á formación profesional de grao medio ou superior.
- Estar en posesión do título de técnico deportivo, tras cursar as ensinanzas deportivas de grado medio.
- Ter aprobado o segundo curso de B.U.P. ou, como máximo, con dúas materias non superadas no conxunto dos dous cursos.
- Posuír o título de técnico auxiliar de F.P. de primeiro grao.
- Ter superados os estudos do primeiro ciclo do programa experimental de reforma das ensinanzas medias (R.E.M).
- Ter superados os cursos comúns dos estudos de artes aplicadas e oficios artísticos.

2.3. Para acceder a 2º Bacharelato.

- A. Ter superado (total ou parcialmente, segundo os casos) 1º de Bacharelato LOXSE, LOE, LOMCE ou LOMLOE.
- B. Ter superado 3º de B.U.P. e Título de Bacharelato. Estes alumnos/as poderán matricularse en calquera modalidade de bacharelato independentemente da especialidade pola que cursaron 3º de B.U.P.
- C. Ter superado 3º de FP de segundo grao (réxime de ensinanzas especializadas)
- D. Ter superado 2º de FP de segundo grao (réxime xeral)
- E. Ter superado 1º curso dunha modalidade de bacharelato experimental
- F. Ter superada a segunda especialidade ou título de Graduado en artes aplicadas e oficios artísticos.